



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE EDUCACIÓN
ESPECIAL TERRA DE FERROL

CEE Terra de Ferrol
Rúa Irmandade de doadores de sangue de Ferrolterra s/n
15405 Ferrol
Tfno: 881930187/Fax: 881930203
cee.terra.ferrol@edu.xunta.gal

**PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE
CENTRO
2024-2028
CEE TERRA DE
FERROL**

ÍNDICE

1. Introducción

2. Análise actual do centro

2.1. Situación do profesorado

2.2. Situación do alumnado

3. Obxectivos

3.1. En relación ó profesorado

3.2. En relación ó alumnado

3.3. En relación á contorna sociolingüística do centro

4. Uso de galego nos distintos niveis do centro

4.1. Nivel I

4.2. Nivel II

4.3. Formación Profesional Básica

4.4. Actividades xerais que se levan a nivel centro e aula

5. Bibliografía e webgrafía

1. INTRODUCCIÓN

O **Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, que regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, indica no seu artigo 11 que: *“a consellería competente en materia de educación establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa”*. Ademais no artigo 15 recolle que os **“Equipos de Dinamización da Lingua Galega (E.D.L.G.)** *terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos e que estes contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego”*.

Tendo en conta o presente marco legislativo, elaboramos o Proxecto Lingüístico do noso centro, o **CEE Terra de Ferrol**. O presente proxecto é elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) en colaboración co equipo directivo ao longo do curso 2023-2024.

A finalidade deste proxecto é conseguir que a nosa lingua sexa unha forma de expresión habitual na comunidade educativa e fóra da mesma, tentando de conseguir que o alumnado se exprese en lingua galega nas aulas e no seu tempo de lecer. Para isto, é imprescindible a colaboración de toda a

comunidade educativa (profesorado, familias, ANPA, institucións, concello), así como de orzamentos necesarios para levar a cabo calquera proxecto.

2. ANÁLISE ACTUAL DO CENTRO

Para poder establecer uns obxectivos e desenvolver o presente proxecto, é necesario ter en conta a situación do noso centro, tanto a súa localización coma as persoas que forman parte da vida diaria do mesmo.

O CEE Terra de Ferrol, atópase no concello de Ferrol, tecer municipio máis poboado da provincia de A Coruña e sétimo de Galicia. A área metropolitana, coñecida como Ferrolterra, é a terceira concentración urbana máis poboada de Galicia e engloba as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

A cidade de Ferrol é unha cidade orientada tradicionalmente cara actividades marítimas e industriais. Por outra banda, conta cun histórico porto pesqueiro e comercial, así coma estaleiros civís e militares, instalacións da armada e praias turísticas. Cabe destacar que moitas das familias do alumnado do centro non residen no núcleo urbano de Ferrol, xa que o noso centro conta con servizo de internado e polo tanto escolarizada nenos e nenas de distintas zonas da área de Ferrolterra e do resto das provincia de Galicia.

Recentemente actualizamos os datos referidos á situación do profesorado e alumnado respecto ao emprego da lingua galega. Para isto, empregamos unha enquisa que pertence ao libro *"A planificación lingüística nos centros*

educativos“ editado pola Xunta de Galicia e a continuación detállanse os resultados:


2.1 Situación do profesorado

O presente curso, o noso centro está configurado polos seguintes mestres/as:


- 6 titores/as no Nivel I.
- 6 titores/as no Nivel II.
- 2 mestras dos módulos común da FPB.
- 2 mestras módulos específicos da FPB.
- 4 mestres/as de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra da aula Multisensorial.
- 1 mestre de Educación Física.
- 1 mestra de Relixión católica (compartida con outro centro).
- 1 Orientador (exercendo a dirección do centro).

Unha vez analizados os datos da enquisa cuberta polo profesorado, vemos que **a lingua utilizada no centro é maioritariamente o castelán** e que a **capacitación para empregar o galego na actividade docente é alta**, como podemos observar a continuación:

Lingua empregada habitualmente no centro




Capacitación para empregar o galego na actividade docente



2.2 Situación do alumnado.


A participación das familias dos 63 nenos e nenas nas enquisas enviadas foi bastante alta, expoñendo a continuación os resultados:



En canto á linguaxe oral funcional do alumnado, vemos que un 50% utiliza o castelán.


En canto á lingua empregada habitualmente no ámbito familiar, vemos que o castelán é a lingua predominante.

Lingua habitual do ámbito familiar



Por outra banda, en canto á lingua utilizada actualmente polo alumnado tanto no ámbito escolar coma no familiar, vemos que máis do 50% o fai en castelán ou con predominio da mesma.

Lingua empregada actualmente polo alumnado



Como podemos ver tras o análise das enquisas, o alumnado do noso centro que utiliza a linguaxe oral para comunicarse faino maioritariamente en castelán, mentres que non contamos con alumnado que utilice unicamente a lingua galega.

Tendo isto en conta, debemos establecer uns obxectivos acordes coa nosa realidade, respectando o marco lexislativo actual e favorecendo o achegamento á lingua galega con actividades motivadoras, tanto nas aulas e nos centros coma en colaboración coa comunidade educativa.

3. OBXECTIVOS

3.1 En relación ao profesorado

- Empregar o galego dentro e fora da aula.
- Facer do galego algo positivo para o alumnado.
- Non menosprezar o galego.
- Utilizar o galego nas distintas reunións e titorías coas familias.
- Procurar o achegamento a distintas manifestacións culturais e/ou artísticas en galego: cine, teatro, música, pintura, etc.
- Animar ó profesorado a realizar distintas actividades conxuntas en galego programadas ó longo do curso.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar como banco de recursos en galego de lectura e diversión.

- Potenciar o uso da páxina web por parte de todos os docentes para amosar a nosa vinculación coa tradición e a nosa lingua no centro, así coma coas novas tecnoloxías.

3.2 En relación ao alumnado

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos en galego, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación.
- Dar a coñecer personaxes importantes de actualidade que utilizan a nosa lingua no seu labor: escritores, ilustradores, cantantes, deportistas, etc.
- Impulsar a participación, en actividades de lectura de contos, obras de teatro, presentación de distintas celebracións do centro, etc. para apreciar o uso da lingua galega.
- Fomentar o visionado de cine, teatro, música, etc. en galego, dentro e fóra da escola e procurando saídas, de carácter didáctico, onde existan este tipo de manifestacións artísticas e culturais que contribúan a valorar a lingua e cultura galega.
- Fomentar a busca de información na internet para elaboración de traballos de investigación propostos desde diferentes áreas e ensinalles diferentes formas de presentacións: *Word, Power Point, Kahoot, etc.* utilizando a lingua galega, atendendo a súa idade e intereses.

3.3 En relación á contorna sociolingüística do centro

- Colaborar coa ANPA, Concello e/ou asociacións culturais nas actividades relacionadas coa recuperación, promoción e divulgación da cultura galega.
- Implicar a toda a comunidade escolar para a recuperación, conservación e transmisión do patrimonio cultural e procurar a pescuda de información para salvagardar diferentes aspectos da cultura tradicional: cantigas, refráns e ditos, adiviñas, costumes, xogos tradicionais, etc.
- Fomentar o uso do galego entre docentes e familias.
- Revisar o fondo bibliográfico en galego das bibliotecas de aula e do centro, valorando as necesidades que poidan existir e tentando cubrilas desde o EDLG en colaboración co Equipo de Biblioteca.
- Promover a lectura en galego mediante técnicas coma representación de contos na nosa lingua na biblioteca do centro e na aula.
- Proporcionarlles ás familias, dentro do posible, toda a información que precisen do centro sempre en galego, tanto se se trata de información oral coma escrita.
- Solicitar axudas económicas e material para a consecución dos obxectivos do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Animar a ANPA a utilizar a lingua galega nas súas comunicacións escritas dirixidas ás demais familias do centro.

4. USO DO GALEGO NOS DISTINTOS NIVEIS DO CENTRO

No noso centro contamos con distintos niveis:

- **Nivel I:** este nivel atópase distribuído en 6 aulas e o seu alumnado encádrase dentro da Educación Infantil (1º e 2º ciclo).
- **Nivel II:** neste segundo nivel, tamén distribuído en 6 aulas, o alumnado xa está máis encadrado nun nivel de Educación Primaria.
- **Formación Profesional Básica:** contamos cos módulos comúns (Ciencias aplicadas e Comunicación e Sociedade) e dous específicos (Restauración e Xardinaría e Viveirismo).

4.1 Nivel I

O **Decreto 79/2010** indica que na etapa de *Educación Infantil* “o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo”.

Ademais na Instrución para a aplicación do citado decreto, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo indícase que a lingua predominante do alumnado na etapa de Educación Infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro.

Tal e como indicamos no apartado 2, segundo o análise das enquisas realizadas e atendendo a realidade sociolingüística do noso centro, **a lingua materna predominante é o castelán.**

Por outra banda o citado decreto indica que *"atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna."* Deste xeito aínda que a lingua maioritaria sexa o castelán, respectaremos esta premisa á hora de dirixirnos individualmente ao alumnado.

4.2 Nivel II

Na etapa de **Educación Primaria** o citado decreto garante a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Ademais atendendo ás instrucións para a aplicación do **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *"O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo"*.

Tendo en conta a realidade do noso centro e noso currículo adaptado, usamos ambas linguas en distintos momentos da xornada e actividades do centro, en función das necesidades e características do alumnado.

4.3 Formación Profesional Básica

No citado **Decreto 79/2010**, no referido á formación profesional, manifesta que cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada de materias e/ou módulos en galego e castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística en ambas linguas oficiais.

Desta forma, tanto nos módulos comúns coma nos específicos, realízanse actividades e tarefas de aula potenciando o desenvolvemento de ambas linguas e tendo sempre en conta as características do alumnado.

4.4. Actividades xerais que se levan a cabo a nivel aula e centro

- x **Rutinas diarias:** Introdúcense aspectos como os días da semana, meses, números, ... en galego co fin de que se produza un achegamento á nosa lingua. Aproveitamos a significatividade deste momento no día a día das aulas para fomentar o emprego oral do galego e a incorporación de verbas de uso cotiá ao vocabulario do alumnado.
- x **Achegamento á literatura:** a través de diferentes tipos de texto e contos, fomentaremos a escoita de palabras e historias en galego. Desta forma coñeceremos vocabulario, proporcionando un achegamento á lectoescritura nas dúas linguas oficiais.
- x **Celebración de festas populares:** no centro celebramos diferentes festas coma O Magostín (Magosto+Samaín), O entroido, Semana das

Letras Galega, Os Maios, ... sempre apegados á nosa cultura popular. Ademais dos propios festexos nos que participará todo o alumnado e profesorado, nas aulas afondaremos nestes aspectos a través de contos, lendas, vocabulario,....

- x **Outras actividades:** a nivel de centro e de aula haberá momentos no curso onde se programarán actividades vinculadas aos xogos populares (por exemplo no Magosto), achegamento á cultura (como por exemplo co Ciclo de Cine en Galego ofertado polo concello de Ferrol ou actuacións musicais no centro por parte de músicos galegos) ou actividades internivel coma poden ser os contacontos ou representacións. Todas elas serán un punto de partida para empregar o galego a nivel oral e escrito así como para afondar en aspectos da nosa cultura.
- x **Proxectos.** Formularanse proxectos a nivel de aula ou de centro que servirán para coñecer e aprender sobre diversos temas e nos que se poderán empregar distintos recursos en idioma galego, realizar actividades de aproximación á lectoescritura, facer exposicións orais ou escritas na nosa lingua,

5. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- A.A.V.V.: A planificación lingüística nos centros educativos. Xunta de Galicia.
- Proxecto Educativo de centro do CEE Terra de Ferrol.
- **Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia.
- **Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.